**CONCELLO DE CARBALLO**
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



# PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
# TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 20-10-2025, ditou a resolución con número 3022/2025 que deseguido se transcribe:

## RESOLUCIÓN

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA E DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHAS LISTAXES DE AGARDA DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE DOCENTE PARA IMPARTIR ACCIÓNS FORMATIVAS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRAO C QUE SE DESENVOLVAN NO CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO.**

*EXPEDIENTE: Ref. 2025/E001/000014/-2025/G003/003159.*

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Por Decreto 106/2011, do 19 de maio, créase o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o emprego e regúlase o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Conforme ao dito Decreto o Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo (Edificio Fórum) está homologado para impartir 22 especialidades formativas, entre as que se atopan as seguintes:

- Cociña (HOTR0408)
- Operacións básicas de cociña (HOTR0108)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo “TIG” (FMEC0219_2)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo “MIG MAG” (FMEC0119_2)
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)
- Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208).

**Segundo.-** No Diario Oficial de Galicia núm. 130, do 9 de xullo de 2025 aparece publicada a Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o periodo 2025-2027 e se procede a primeira convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025-2026 (código de procedemento TR301K). De conformidade co disposto no artigo 5.8 (Entidades Solicitantes) “Para poder seren beneficiarias da subvención, as entidades deberán contar co compromiso de participación do número mínimo de persoas traballadoras desempregadas que en cada convocatoria se determine para poder iniciar a acción formativa, así como do persoal docente encargado da súa impartición.”

**Terceiro.-** Con data 30/09/2025 a técnica da área de Formación e Emprego do Concello de Carballo informa da necesidade de incorporar persoal docente, a xornada completa, cualificado para a impartición das accións formativas do Sistema de Formación Profesional do grao C dirixidas a persoas traballadoras desempregadas, nas seguintes especialidades formativas:

- Cociña (HOTR0408)



FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

**CONCELLO DE CARBALLO**
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



- Operacións básicas de cociña (HOTR0108)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo "TIG" (FMEC0219_2)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo "MIG MAG" (FMEC0119_2)
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)
- Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208)

Asemade, no citado informe propón, ao tratarse de accións formativas do Sistema de formación profesional de grao C con carácter temporal e de duración determinada que non responden á necesidades permanentes da administración, o recurso á incorporación do persoal necesario mediante a fórmula do nomeamento de persoal funcionario interino para execución de programa de carácter temporal.

**Cuarto.-** Por providencia da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de data 01/10/2025 ordenase a apertura do correspondente expediente de selección de persoal polo procedemento de concurso-oposición para a confección de listaxe de agarda de funcionarios/as interinos/as de docentes para impartir as accións formativas do sistema de formación profesional do grado C, a desenvolver no Centro Municipal de Formación-Forum do Concello de Carballo.

**Quinto.-** Consta no expediente Informe da Técnica de Persoal, de data 01/10/2025, onde informa favorablemente as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de docentes das accións formativas do Sistema de formación profesional de grao C que se impartirán no Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo.

**Sexto.-** Consta no expediente Informe de fiscalización previa do expediente da Intervención Municipal, de data 16/10/2025, en referencia ás Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunhas listaxes de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de docentes das accións formativas do Sistema de formación profesional de grao C que se impartirán no Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo.

Considerando que a competencia para a aprobación das bases das probas para a selección de persoal corresponde ao Alcalde- Presidente da Corporación, por aplicación do artigo 21.1 g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por medio da presente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de funcionarios/as interinos/as para cubrir prazas de DOCENTES PARA IMPARTIR as ACCIÓNS FORMATIVAS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRADO C seguintes:

- Cociña (HOTR0408)
- Operacións básicas de cociña (HOTR0108)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo "TIG" (FMEC0219_2)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo "MIG MAG" (FMEC0119_2)
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

**CONCELLO DE CARBALLO**
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



- Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208).

O texto das Bases xerais é o transcrito como Anexo ao final da presente Resolución.

**Segundo.-** Convocar os proceso de selección de persoal citado nestas bases e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Publicarase o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

As bases publicaranse integramente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

O prazo de presentación de instancias é de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

**ANEXO.- BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA E DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXES DE AGARDA DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE DOCENTES PARA IMPARTIR ACCIÓNS FORMATIVAS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRAO C QUE SE DESENVOLVAN NO CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO.**

## PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

**1.1**.- As presentes bases teñen por obxecto a regulación da convocatoria, con carácter urxente, e do proceso selectivo para a elaboración de listaxes de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de prazas de docentes para impartir as accións formativas do Sistema de Formación profesional do Grao C que se desenvolvan no Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo e que se detallan a continuación:

- Cociña (HOTR0408)
- Operacións básicas de cociña (HOTR0108)
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo “TIG” (FMEC0219_2).
- Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo “MIG MAG” (FMEC0119_2).
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208).
- Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208).

O procedemento de selección que se sinala nestas bases axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en adiante LFPG) e demais disposicións de pertinente aplicación.

A duración do nomeamento como persoal funcionario interino da persoa seleccionada para cada unha das prazas de docentes das diferentes accións formativas do Sistema de formación profesional de grao C dependerá da duración de cada unha das accións formativas estipulada nos certificados de profesionalidade correspondentes e sempre tendo en conta os límites temporais fixados na normativa vixente sobre nomeamento e criterios de selección do persoal funcionario interino.

As retribucións mensuais serán as previstas para o Grupo A2 no Orzamento Xeral desta Corporación para 2025 e o Anexo I do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Carballo (Anexo I: Retribucións do persoal funcionario interino nomeado para a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

execución de programas de carácter temporal ou por exceso ou acumulación de tarefas, BOP 21/07/2025).

**1.2**.- As funcións e tarefas a desenvolver polos/as docentes que impartirán as accións formativas do Sistema de formación profesional de grao C son entre outras:

**A impartición da docencia das unidades de competencias, módulos formativos e unidades formativas que conforman cada un dos certificados de profesionalidade**: Explicar os contidos teóricos e prácticos dos certificados de profesionalidade; Adaptar os contidos ao nivel do alumnado (nivel 1, 2 ou 3); Utilizar metodoloxías activas e adaptadas ao mercado laboral, ...

**A elaboración das programacións didácticas**: Desenvolver a programación específica de cada módulo; Establecer obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía, ...

**A avaliación do alumnado**: Avaliar o grao de adquisición das competencias profesionais; Realizar informes de seguimento e cualificacións, ....

**A titorízación e orientación**: Acompañar ao alumnado no proceso formativo; Orientar cara á inserción laboral ou itinerarios formativos posteriores, ....

**A coordinación e traballo en equipo**: Participar en reunións co equipo docente ou titor/a do curso; Colaborar na coordinación coas empresas colaboradoras para prácticas, ...

**A actualización profesional e pedagóxica**: Formarse continuamente para manter a competencia docente e técnica; Estar ao día das novidades no sector produtivo correspondente, ...

**A xestión da aula e materiais**: Preparar materiais didácticos, ferramentas e recursos; Xestionar o uso dos espazos e equipamentos formativos, ...

**1.3.-** A convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (en diante BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). Os anuncios sucesivos inseriranse tan só no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na súa web municipal.

**1.4.-** Unha vez confeccionada a listaxe de agarda, o nomeamento como persoal funcionario interino por programa dos/as candidatos/as seleccionados/as estará supeditada a que, o Concello de Carballo a través do Centro Municipal de Formación-Forum solicite a acción formativa e lle sexa concedida por parte da administración autonómica competente, a que se proceda á validación do curriculo do/a candidato/a por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a que se reúna o número de alumnos/as suficientes para iniciar a acción formativa correspondente.

**SEGUNDA.- SISTEMA SELECTIVO**

O sistema selectivo será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN LIBRE.**

**TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**

**3.1**.- Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización do nomeamento:

**a) Nacionalidade**. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 57 do TREBEP e no artigo 52 da LEPG, no suposto de acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados, permita o acceso ao emprego público.

**b) Idade**. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

**c) Capacidade funcional**: Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

**d) Habilitación**. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal



FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais de outros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

**e) Compatibilidade**. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**f) Titulación, Competencia docente e Capacidade profesional:** De conformidade co disposto no artigo 168 do R. D. 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, modificado no parágrafo a) do apartado 1 polo R.D. 658/2024, do 9 de xullo, respecto dos/as docentes encargados/as de impartir formación conducente a un certificado de profesionalidade, será necesario que reúnan requisitos de titulación ou experiencia profesional, ademais da capacidade docente. Os requisitos especificaranse nos anexos que se transcriben ao final deste anexo para cadansúa especialidade formativa:

Anexo I.- Docente para impartir a acción formativa de Cociña (HOTR0408)

Anexo II.- Docente para impartir a acción formativa de Operacións básicas de cociña (HOTR0108)

Anexo III.- Docente para impartir a acción formativa de Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo non consumible, soldeo “TIG” (FMEC0219_2)

Anexo IV.- Docente para impartir a acción formativa de Soldadura por arco baixo gas protector con electrodo consumible, soldeo “MIG MAG” (FMEC0119_2)

Anexo V.- Docente para impartir a acción formativa de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)

Anexo VI.- Docente para impartir a acción formativa de Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios (ELES0208).

Os/as aspirantes deben estar en posesión dos requisitos da titulación, competencia docente e competencia profesional, ou en condicións de obtelo, antes da finalización do prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

**g**) **Galego**. Estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, **CELGA 4** ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, requirido para o desenvolvemento en galego do traballo que a persoa aspirante vai realizar habitualmente no Concello.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base sétima da convocatoria, e que cualificará ao/á aspirante como APTO ou NON APTO.

**3.2.**- As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día no que remate o prazo de presentación das solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo e ata o momento, no seu caso, de toma de posesión como persoal funcionario.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

## CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**4.1.**- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base terceira desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias. Achégase **modelo-tipo de solicitude** de participación como **Anexo VII** destas bases.

As solicitudes presentaranse, preferentemente, por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal). Así mesmo as solicitudes poderanse presentar na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP)

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos. Ademais, neste caso, os/as aspirantes, dentro do prazo de presentación de instancias, deberán enviar o xustificante de presentación de instancia na oficina de correo postal ao enderezo electrónico xestiondepersoal@carballo.gal.

**Prazo de presentación**. As solicitudes presentaranse durante o prazo de **dez (10) días hábiles**, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e destas bases no Boletín Oficial da Provincia. A convocatoria e as bases publicaranse integramente no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e de forma complementaria na web municipal (www.carballo.gal). A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

**4.2**.- **Documentación**. Nas respectivas instancias (**modelo-tipo de solicitude** de participación), os/as aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base terceira destas Bases, **indicarán a listaxe de agarda á que optan** e acompañarán inescusablemente os seguintes documentos:

**a)** Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de vinte catro euros (24,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal (en diante OF 26).

Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais indicando, en todo caso, os datos persoais da persoa aspirante e a praza á que se opta**:**

- ✔ ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019
- ✔ CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Consonte ao disposto no artigo 6 da OF 26 establécese, en virtude do artigo 24.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, unha bonificación do 100% da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame para aqueles suxeitos que cumpran todos e cada un dos requisitos indicados no artigo 6.1 da OF 26; para a concesión da dita bonificación, os interesados deberán presentar, xunto coa instancia de solicitude de admisión ás probas, os documentos indicados no artigo 6.2 da OF 26.

[Ordenanza Fiscal núm. 26: https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/4100 ]

En todo caso, o suxeito pasivo estará obrigado a facer constar a petición da bonificación xunto coa solicitude de admisión ás probas, debendo ingresar previamente a cota tributaria integra. A bonificación será concedida, no seu caso, posteriormente, procedendo, se fora o caso, á devolución dos ingresos, sen dereito á percepción de intereses de demora.

**b)** Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

**c)** Copia da documentación acreditativa do requisito de capacidade profesional e competencia

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

**CONCELLO DE CARBALLO**
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



docente esixida para participar na presente convocatoria e no proceso de selección, segundo o sinalado nos anexos I, II, III, IV, V e VI desta convocatoria.

**d)** Copia do título acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) requirido para participar na presente convocatoria e proceso selectivo, segundo o sinalado nos anexos I, II, III, IV, V e VI desta convocatoria.

**e)** Relación de méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, que se acompañarán da documentación acreditativa deles. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

**f)** Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido, **CELGA 4** ou título equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

Segundo ao artigo 17.2.d) da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente no modelo- tipo de solicitude de participación (Anexo VII).

**4.3.** Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

**4.4.** A antedita acreditación documental realizarse mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas. Cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia ou a relevancia do documento no procedemento o esixa, a Administración poderá solicitar o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento orixinal, ao abeiro do disposto no artigo 28 da LPACAP (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas).

**4.5.** Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

**4.6.-** As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual o superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude e, de conformidade co establecido nestas bases, achegar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Debendo advertir, asemade, xunto coa solicitude, se precisan dalgún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán achegar coa solicitude:

– Certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou aqueloutro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar, asemade, certificado dos citados órganos, ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

### QUINTA.- LISTAXE DE ADMITIDOS/AS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DO EXERCICIO DA OPOSICIÓN

**5.1.**- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal)e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de **dous (2) días hábiles,** contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para **presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos**, nos termos do artigo 69 da Lei 39/2015.

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a, será definitivamente excluído/a do proceso desta convocatoria.

**5.2.-** Posteriormente, o Alcalde ditará nova resolución, de aprobación de **listaxe definitiva** de admitidos/as e excluídos/as, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso así como a composición do tribunal cualificador.

Esta Resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Carballo e, sempre que sexa posible, tamén se publicará a título informativo e complementario na web municipal.

**5.3.**- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

## SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

**6.1**.- O tribunal cualificador é o órgano colexiado de carácter técnico, profesional e especializado, encargado do desenrolo e cualificación das probas selectivas, que actuará con estrita independencia ante calquera posible inxerencia.

O órgano de selección actuará con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros serán persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da presente convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

A pertenza ao tribunal será sempre a título individual sen que poida ostentarse en representación ou por conta de ninguén (articulo 60 TREBEP).

**6.2.-** O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

A designación farase de conformidade co establecido nos artigos 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado público e 59 da Lei 2/2015, do Emprego Publico de Galicia, e na súa composición tenderase a paridade entre home e muller.

**6.3.-** O réxime xurídico aplicable ó tribunal cualificador axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante LRJSP).

**6.4.-**Todas as persoas que compoñan o tribunal cualificador deberán ter a condición de funcionarias de carreira e na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade. A totalidade dos membros deberá posuír unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo do posto da presente convocatoria. Ademais, en ningún caso o tribunal poderá estar formado maioritariamente por funcionarios pertencentes ao mesmo corpo ou escala da praza convocada.

**6.5**.- Será nomeado polo órgano convócante, estará formado por un número impar de membros, en número non inferior a cinco (5), designándose o mesmo número de suplentes, e estará composto por:

a) Un/unha presidente/a

b) Polo menos, 3 vogais

c) Un/unha secretario/a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, a lo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a, ou persoa en quen deleguen. De todas as reunións que celebre o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

**6.6**.-O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

**6.7**.- En ningún caso poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

**6.8**.- O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recadando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos/as asesores/as que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

**6.9.-** O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

**6.10.-** Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo cós artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**6.11.-** En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

## SÉTIMA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

A selección dos aspirantes efectuarse polo sistema de **concurso-oposición** libre.

### 7.1. FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS (Máximo 10 puntos)

Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes. Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente xunto coa solicitude de participación coa presentación dos documentos xustificativos daqueles, valorándose de acordo có baremo que se achega como Anexos I, II, III, IV, V e VI destas bases para daca unha das accións formativas.

Unicamente se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificados con posterioridade, sempre que esta xustificación posterior se presente no Rexistro deste Concello con anterioridade á aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as ou excluídos/as.

Ningún mérito poderá ser puntuado en máis dun apartado.

A puntuación máxima que se pode obter na fase de concurso é de 10 puntos, o que supón un 40% sobre a puntuación total máxima do proceso de selección.

Concluída a fase de concurso, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que superasen o proceso, indicando a puntuación obtida.

As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a esta fase, no prazo de dous (2) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo.

### 7.2.- FASE DE OPOSICIÓN (Máximo 15 puntos)



FIRMADO POR Marina Núñez Orjales (FECHA: 22/10/2025 10:00:00)
Versión imprimible
CVD: IfUnijyOpgzxhHZTz2AH Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.carballo.gal/

**CONCELLO DE CARBALLO**
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Desenvolvemento das probas.

Os/as aspirantes serán convocados/as para a fase de oposición en chamamento único, sendo excluídos/as do proceso selectivo aqueles que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “F”, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 21 de xaneiro de 2025, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 21/01/2025 (DOG nº 16 do 24/01/2025) ao que se refire o artigo 9 o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non contar con aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo os/as aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade dos/as aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos/as aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade que convoca, ou no seu caso poñerá en coñecemento da mesma que puidese concorrer esta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, resolva ao respecto.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

Concluída a fase de oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que superasen o proceso, indicando a puntuación obtida. Os/as opositores/as non incluídos/as na listaxe terán a consideración de non aptos.

As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a este exercicio, no prazo de dous (2) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo.

Non poderán superar a oposición nin, consecuentemente, o proceso selectivo, aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios que lle resultan obrigatorios. Así, as persoas aspirantes que non superen algún dos exercicios obrigatorios quedarán eliminados/as do proceso selectivo.

A puntuación máxima que se pode obter na fase de concurso é de 15 puntos, o que supón un 60% sobre a puntuación total máxima do proceso de selección.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

**Primeiro exercicio (Proba tipo Test)**: De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 30 minutos, de vinte (20) preguntas, máis 3 preguntas de reserva, con 4 alternativas de resposta das que só unha será válida, relacionadas co contido do temario que se achega nos Anexos I, II, III, IV, V e VI das Bases para cadansúa acción formativa.

O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- Cada resposta correcta puntuará 0,75 puntos
- As respostas incorrectas e as preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 15 puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

